

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Burela para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente o escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/335/24

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, referente a falta de resposta a unha solicitude de información ao Concello de Burela.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: En data do 25.01.2024 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“El ayuntamiento de Burela no responde al registro efectuado 4/09/2023, con número: 2023-E-RE-1233.”

O promotor da queixa aporta copia do escrito presentado ante ese concello en data 04.09.2023 (RE. núm.: 2023-E-RE-1233)

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Burela con data do 08.02.2024 (R.S. 2963/24).

TERCEIRO.- Con data do 27.02.2024 (R.E. 2187/24), recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“1. O 04.09.2023, DXXX, en nome e representación da Asociación XXX, con NIF XXX, presentou un escrito de solicitude con núm. de rexistro 2023-E-RE-1233, en cuxa virtude se veu a peticionar a esta Administración local o seguinte:

“1.- Actualización y realización de lo que establece la Ley 7/2023, de protección de los derechos y el bienestar de los animales por parte de este Concello. Eso implica, la gestión ética de las colonias felinas en su municipio mediante CER. 2.- Campañas de tenencia responsable de animales de compañía, perros y gatos destacando la importancia de la esterilización, identificación con microchip entre otras”

2. O 12.02.2024, tivo entrada no rexistro do Concello de Burela con núm. 2024-E-RC- 609, oficio da Valedora do Pobo, polo que, previa admisión a trámite do escrito de queixa formulado por D. XXX se require a esta Administración local para que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, se lle facilite información, no ámbito das súas funcións, sobre o problema que motivou a queixa.

3. Que en atención ao devandito escrito de queixa de D. XXX, e ao requirimento efectuado pola Valedora do Pobo no seo das actuacións tramitadas no expediente de referencia,

INFORMO

PRIMEIRO.- Que o Concello de Burela, de conformidade co disposto nos artigos 25 da Lei de Bases do Réxime Local, e 80 da Lei de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 26.2 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, e de acordo co artigo 38 da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, ostenta a competencia de capturar para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario, os gatos sen propietario integrantes das colonias felina sitas no seu termo municipal.

SEGUNDO.- Que, en todo caso, e consonte o disposto na dita Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, o Concello de Burela está a dar cumprimento á dita obriga establecida no artigo 26.2 da referida norma legal autonómica, coa colaboración da ASOCIACIÓN XXX, cuxo domicilio social e ámbito de actuación está radicado neste termo municipal. Ademais, de estar a definir un plan de control e xestión ética de colonias felinas urbanas no termo municipal do Concello de Burela, coa colaboración desta entidade, onde se engloba o censo de exemplares totais, o número total de gatos esterilizados e o total de colonias vixiadas, cunha evolución positiva do programa CER.

TERCEIRO.- Que, en todo caso, o concreto obxecto da solicitude formulada por D. XXX, en nome e representación da Asociación XXX, con NIF XXX xunto coa xestión das colonias felinas no termo municipal do Concello de Burela, é dar cumprimento a realización de campañas de tenza responsable de animais de compañía. cans e gatos destacando a importancia da esterilización e identificación con microchip. Visto que de conformidade co artigo 39.1 da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, “En ausencia de outra previsión en la legislación autonómica, y respetando el ámbito competencial establecido por la legislación vigente [...]”

Visto o disposto no vixente artigo 32 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, relativa á obriga de divulgación, educación e formación en materia de protección animal.

CUARTO.- Que, da dicción literal do referido artigo 32 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, ocioso resulta dicir que a devandita obriga de divulgación correspóndelle, nos concretos termos establecidos no dito precepto, á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, non así ás Administración locais, en particular, ao Concello de Burela.

QUINTO.- Que, en todo caso, esta Administración local debe poñer de manifesto que – ao marxe de que a solicitude formulada ante este Concello por D. XXX, en nome e representación da Asociación XXX, con NIF XXX, carece de fundamento algún por non ser esta a Administración Pública competente -debendo dirixirse, se así o estima oportuno, á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para requirirle o cumprimento da dita obriga de divulgación, consonte o establecido nos artigos 18.1 g) da Lei de Bases de Réxime Local, e 57 e 58 da Lei de Administración Local de Galicia, a dita persoa e a dita entidade asociativa carecen de lexitimación algunha para requirir a esta Administración local a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio -o que, como se expresou, non é o caso.

A tal efecto, e como ten expresado a doutrina xurisprudencial dos nosos Tribunais, “El art. 18 de la Ley de Bases de Régimen Local señala que los titulares de este derecho son “los vecinos”.

Por “vecinos” no debemos entender el significado vulgar del término (“Que habita con otros en un mismo pueblo, barrio o casa, en vivienda independiente”, primera acepción de DLE), sino el significado auténtico que se recoge en la misma Ley, pues el art. 15 señala que los inscritos en

el Padrón municipal son los vecinos del municipio y que "La condición de vecino se adquiere en el mismo momento de su inscripción en el Padrón"" -cfr. Sentenza núm. XXX, do 23 de maio, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Logroño, no seo do recurso contencioso-administrativo núm. XXX-. En consecuencia, non tendo D. XXX, a condición de veciño do Concello de Burela, nin a Asociación XXX, con NIF XXX, o seu domicilio social e ámbito de actuación neste termo municipal, é evidente que, consonte o disposto nos ditos artigos 18.1 g) da Lei de Bases de Réxime Local, e 57 e 58 da Lei de Administración Local de Galicia, carecen de lexitimación algunha para requirir a este Concello que presten ou, no seu caso, establezan, o correspondente servizo público.

Dito o cal, reiteramos, o Concello de Burela, consonte o disposto no artigo 32 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, non ostenta deber algún en relación coas obriga de divulgación, educación e formación en materia de protección animal -e elo con independencia de que, de forma voluntaria e coordinadamente con outras administracións ou entidades asociativas, así o decida facer."

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe do Concello de Burela, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente quéixase de que malia o tempo transcorrido dende que presentou escrito no rexistro dese concello non obtivo resposta.

Segunda: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os *"Dereitos da persoa interesada no procedemento*

administrativo”, entre eles: a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Terceira: Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta da administración local ao escrito presentado pola Asociación XXX o 4 de setembro do 2023 no rexistro dese concello, propiciou que transcorrido un amplo período de tempo, o 25 de xaneiro do 2024 se dirixiran á institución da Valedora do Pobo formulando queixa e solicitando a súa intervención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Burela o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de Burela debe contestar expresamente o escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.



O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo